

LA SIELMA SC. MONFARRACINOS (ZAMORA)



De esquerda a dereita, Manolo, Jorge e Abdul

Un exemplo prototípico de Leche Gaza

No mes de xullo viaxamos ata a provincia de Zamora para coñecer a gandería do expresidente de Afriza Jorge Hernández, cuxa traxectoria está intrinsecamente ligada á de Leche Gaza e en cuxo desenvolvemento a xenética e o benestar animal xogaron un papel fundamental.

Localización: Monfarracinos (Zamora)
Propietarios: Jorge Hernández Rodríguez e María Isabel Rodríguez Iglesias
N.º total de animais: 164
Vacas en muxidura: 85
Empregados: 2
Media de produción: 36,9 litros/vaca/día (Control Leiteiro xuño 2020)
Porcentaxe de graxa: 4,17 % (Control Leiteiro xuño 2020)
Porcentaxe de proteína: 3,33 % (Control Leiteiro xuño 2020)
RCS: 149.000 cél./ml (xuño 2020)
Bacterioloxía: 12.000 ufc/ml
IA/preñez xovencas: 1,47
IA/preñez vacas: 2,32
Cualificación morfolóxica: 83,25 puntos
Superficie agrícola: 45 ha
Venda do leite: Leche Gaza SL
Prezo do leite: 0,39 €/kg + IVE (xuño 2020)

O que foi presidente da Asociación Frisona Independente de Zamora de 2011 a 2019, Jorge Hernández, dirixe en Monfarracinos a gandería familiar La Sielma, integrada por un rabaño de 164 animais das razas Holstein e Brown Swiss, dos que 85 son vacas en muxidura. Trátase dunha sociedade civil da que tamén forma parte a súa nai e na que traballan el e dous empregados, un a tempo completo e outro a tempo parcial, que lles fai os descansos e os axuda nalgúnhas tarefas da granxa.

Jorge incorpórase á actividade no ano 2000. Os seus pais tiñan unha pequena explotación na vila, pero alí as posibilidades de crecemento eran

moi limitadas e en 2008 trasládanse ás instalacións actuais, situadas nas aforas do centro urbano. “Cando eu me incorporo, na acta de constitución da sociedade tiñamos 17 vacas e 8 xovencas, foi a base da que partiamos. Entón compramos algúns animais en Francia, empezamos a traballar co tema da selección xenética e despois case todos os animais foron de nosa propia recría, aínda que puntualmente adquirísemos algún concreto para engadir un pouco de xenética á explotación”, lembra.

Pese a ser un namorado das vacas Holstein, nos últimos anos incorporou un pequeno grupo de animais da raza Brown Swiss para mellorar os índices de graxa e proteína do rabaño. “Si é verdade que no primeiro parto non chegan aos picos de lactación das Holstein, pero creo que son dúas razas moi compatibles entre si, son animais que se adaptan perfectamente, moi tranquilos, moi dóciles, moi fáciles de manexar e moi resistentes.



EXPERIENCIA VITAL E FORMATIVA NOS EE. UU.

Aínda que procede dunha familia gandeira, Jorge asegura que a súa aterraxe no sector foi case de rebo-te. "Eu creo que moita culpa a ten Manolo –refírese a Manuel Vicente Morales, o veterinario que os asesora e co que levan traballando máis de vinte e cinco anos–, porque é unha persoa con moitas ganas de axudarlles aos gandeiros, moi implicada e que sempre apostou por que nos formásemos", manifesta.

En 2001, con 23 anos, Jorge tivo a oportunidade de facer unha estancia nos Estados Unidos, concretamente no estado de Minnesota, grazas a un programa internacional da Facultade de Veterinaria da Universidade Autónoma de Barcelona que incluía formación nunha granxa e a realización dalgún curso específico. "Esa viaxe deume a oportunidade de abrir un pouco a mente, cambiar de aires, coñecer as megaexplotacións dos Estados Unidos e un xeito distinto de traballar e, sobre todo, deume moita opción de aprendizaxe. [...] Alí vin un sector moito máis profesional, un orgullo de ser gandeiro que quizais hoxe aquí empezamos a ter, pero que entón non tiñamos. Gustaríame ter ido sen a responsabilidade que xa tiña, porque daquela xa estaba incorporado na explotación, e teríame quedado un pouco máis de tempo para formarme mellor", lamenta.

Tamén nos sorprendeu moito a lonxevidade que están a ter ata agora e a súa prolifricidade de xatas", afirma.

Fíxose cos dous primeiros exemplares na feira de Salamanca e, ao comprobar que funcionaban ben no establo, decidiu comprar algún máis nunha poxa en Francia, entre eles unha vaca cualificada con 87 puntos e con sete xeracións MB ou EX detrás, da que naceu unha xata que xa conta cun contrato nun centro de sementais francés.

Holstein ou Brown Swiss, o obxectivo de Jorge é conseguir un grupo de animais bos cos que obter o máximo rendemento posible. Para iso trata de darlles o máximo confort e que as rutinas sexan sinxelas. "O que procuro é que, se non estou na granxa, os rapaces poidan facer facilmente o traballo e que non haxa grandes problemas. Si que lle damos moita importancia ao tema da limpeza, a que os animais estean cómodos, a que as camas estean sempre limpas, a que se bote o desinfectante, a que se faga o baño de pezuños cando toca, neses protocolos si insistimos bastante, pero logo é unha rutina diaria que eu creo que tampouco se fai moi pesada", expresa.

La Sielma conta coa certificación de calidade de Gaza desde o ano 2004, o que os obrigou a establecer uns protocolos de traballo que, co tempo, os axudaron a simplificar moitos procesos e a facer as cousas ben. Con todo, para sentirse a gusto no traballo, Jorge considera fundamental outro factor: "Que che gusten as vacas, hai que ter un pouco de paixón". ►

NOVEDAD
CAZO UNIFEED

Tel. (+34) 985 634 238
 Comercial: info@fondrigomaquinaria.com
 Recambios-Asistencia: servicio@fondrigomaquinaria.com
www.fondrigomaquinaria.com

Outra das razóns da consecución de bos resultados é a involucración dos empregados, unha circunstancia especialmente positiva tendo en conta o grave problema de man de obra existente na zona. “Abdul leva comigo tres anos, é un traballador moi comprometido, que eu creo que sente o negocio como se fose propio, e a verdade é que, cando non estou aquí, sei que o deixo en boas mans”, asegura.

DATOS PRODUCTIVOS

O rexistro do Control Leiteiro do mes de xuño reflectía unha produción de 36,9 litros/vaca/día, cun 4,17 % de graxa e un 3,33 % de proteína. “Agora mesmo [14 de xullo de 2020] estamos máis baixos, ao redor dos 35,3 litros/vaca/día con 229 DEL. Estamos uns pouco longos en días en leite porque levamos case dous anos con algúns problemas de neospora que nos orixinaron problemas de fertilidade. Hai animais que están tardando en volver preñar e algúns que xa directamente os descartamos, e o que estamos facendo é apurar as lactacións e logo sacrificáremolos”, conta.

En xullo tiñan sete vacas Brown Swiss en muxidura. Respecto das diferenzas de produción entre ambas as razas, a súa experiencia móstralles que se nota sobre todo na primeira lactación, pero que despois xa non. “Chegan a facer picos de 60 litros, pero tamén é verdade que cando alcanzan eses picos as calidades baixan un pouquiño, aínda que eu estou moi satisfeito con elas”, manifesta.

O reconto celular de xuño foi de 149.000 células/ml e a bacterioloxía situouse ao redor das 12.000 ufc/ml. Outro parámetro que lles esixen dentro do Plan de Aseguramento da Calidade Gaza é o control de esporulados do leite. “Míranllos todos os días a 80 e a 100 °C e eses si que os temos que ter baixos, porque, pola contra, se producen alteracións no leite e lles dá problemas á hora do envasado”, explica.

ALIMENTACIÓN

Cando visitamos a granxa, as vacas de leite estaban inxerindo unha ración *unifeed* composta por 6 kg de alfalfa, 4 kg de feo de veza-avea, 20 kg de silo de centeo e 13,5 kg dunha mestura de penso, á parte das súas correspondentes cantidades de minerais, *buffers* e fermentos.



No verán distribúen o carro pola tarde para estimular o consumo



O seu obxectivo é alcanzar un 15-20 % de vacas Brown Swiss en muxidura



Abdul encárgase de muxir

► INCORPORARON UN PEQUEÑO GRUPO DE ANIMAIS DA RAZA BROWN SWISS PARA MELLORAR OS ÍNDICES DE GRAXA E PROTEÍNA DO RABAÑO

O carro fano unha vez ao día e no verán repártenllo pola tarde para estimular o consumo. No inverno, en cambio, distribúenllo pola mañá e a ración cambia. A partir de outubro adoitan substituír o silo de centeo por silo de millo e tamén levan uns anos apostando polo silo de polpa de remolacha, que adquiren a un prezo bastante accesible ao ter unha azucreira preto.

Para a alimentación das xatas máis novas optan por leite de vaca ata os dous meses, que complementan cun penso de arranque. Dos 2 aos 7 meses danlles 4 kg doutro penso que lles formula o nutrólogo Luis Franco –co que tamén levan moitos anos traballando– e herba seca a discreción. A partir desa idade e ata os 15 meses inxiren unha ración *unifeed* con 2 kg de palla, 2,3 kg de feo de veza-avea, 2 kg de alfalfa e 2,6 kg dunha mestura de cebada, colza e corrector.

Para as vacas secas e as xovenas preñadas elaboran outra ración composta por 8,5 kg de palla e 4,7 kg desa mesma mestura de colza, cebada e corrector.

ORGANIZACIÓN E MANEXO DOS ANIMAIS

As xatas lactantes alóxanse en casetas exteriores ata a desteta, pero o seu proxecto máis inmediato é construír unha nave para elas co obxectivo de mellorar o seu benestar e reducir o traballo que supón o manexo nas casetas. Jorge era partidario de pór nela unha amamentadora automática, pero tanto Manolo como outros técnicos cos que falou desaconselláronllo pola dimensión do rabaño, así que, por agora, a nave terá boxes e currais, aínda que non descarta a instalación da nodriza nun futuro.

As xatas de 2 a 7 meses organízanse en varios lotes que aloxan en tres currais. “Ao destetar procuramos agrupalas, que pasen polo menos dúas ou tres, porque é aí onde máis notan o cambio. Á parte disto, moita limpeza, moito encamado e, nesta época, moito desinfectante e moito produto para tratar de controlar as moscas”, comenta o gandeiro zamorano. ►►



Cubículos flexibles Deltex® Consigue el máximo confort para tus vacas!



- ✓ Las vacas permanecen más tiempo acostadas y **mejora el bienestar** de su rebaño
- ✓ **Elimina cualquier presión** sobre el cuerpo del animal
- ✓ **Elimina golpes** tanto al acostarse como al levantarse, **disminuyendo costes veterinarios**
- ✓ **Disminuye las corrientes eléctricas** nefastas para su ganadería



IMPORTADOR PARA ESPAÑA

Camino Viejo de Mourelle, s/n.
15840 SANTA COMBA
(A Coruña) ESPAÑA

elmega@elmega.com
www.elmega.com
(+34) 981 88 05 50



IMPORTADOR PARA PORTUGAL

Rua do Gorgolito, 62
4570-472 Rates - Póvoa de Varzim
PORTUGAL

geral@dedicampo.pt
www.dedicampo.pt
Tel.: (+351) 252 957 776





As vacas en lactación dormen en cubículos de area



As vacas próximas ao parto, as secas e as xovencas preñadas están en cama quente



Por agora, as xatas lactantes permanecen en casetas no exterior

Aos 7 meses trasládanas á nave principal, aínda que cando fai bo tempo as teñen fóra ata a etapa de inseminación; teñen outro lote para as xovencas preñadas, que tamén teñen acceso ao exterior, outro para as vacas secas e un pequeno curral de partos.

Na outra parte da nave están as vacas en lactación. Recentemente fixeron unha comedreira nun patio anexo e están valorando a idea de facer alí unha nave con cama quente para o lote de posparto e outras vacas que estean delicadas de saúde. Entre os seus proxectos a medio prazo tamén está o de construír unha nave con currais para as xovencas, aínda que Jorge puntualiza: “Temos plans, pero sempre pensando en mellorar, non en medrar”.

Dúas veces á semana pónenlles un pediluvio á saída da sala de muxido e cada dous ou tres meses fanlles recorte de pezuños, aínda que non a todo o rabaño senón unicamente ás secas e a algunha coxa que realmente o necesite.

► A PARTIR DE OUTUBRO SUBSTITÚEN O SILO DE CENTEO POR SILO DE MILLO E TAMÉN LEVAN UNS ANOS APOSTANDO POLO SILO DE POLPA DE REMOLACHA

Fan dous muxidos ao día nunha sala paralela de 4x2 puntos con saída rápida que teñen previsto ampliar a 7x2, porque xa lles está levando demasiado tempo facelos. Nesta tarefa tentan ser o máis rigorosos posible para cumprir coas esixencias do referido Plan de Aseguramento da Calidade Gaza, un programa composto por mil puntos que engloba cuestións relativas a seguridade alimentaria, benestar animal e respecto polo medio ambiente.

INSTALACIÓNS E BENESTAR

As vacas en muxidura dormen en cubículos de area. Énchenos cada dúas semanas e arránxanos dúas veces ao día. “Facemos moito fincapé en que

queden ben limpos e ben nivelados e, unha vez á semana, botámoslles un produto desinfectante, un secante”, afirma Jorge.


A limpeza dos patios desta parte da nave fana con arrobadeira; non así na zona de secas e xovencas, posto que nese lado non teñen fosa para o xurro. “Como é case todo esterco seco, limpamos cada 15 días máis ou menos e encamamos en función das necesidades. No inverno adoitamos facelo dúas ou tres veces á semana e agora neste tempo, se o esterco está simplemente feito po, as xovencas non as encamamos e as secas quizais un pouquiño máis”, manifesta. O que si fan é raiar o corredor cada 15 días e botarlle un pouco de area para evitar esvaróns. ►►



SALA ROTATIVA

XPEDIA 360EX

SmartDairy™
MANAGEMENT SYSTEMS



1. Puerta de control del rebaño
2. Puerta de clasificación
3. Medidor SmartControl™
4. Automatización de instalaciones
5. Sistema de gestión
6. Carga directa
7. Control del tanque
8. TouchPoint™ y ViewPoint™
9. ISO RFID
10. Lavado de pezuñas



ViewPoint™



TouchPoint™



SmartMeter™

Sistema de automatización SmartDairy™



Pol.industrial Pedrapartida, parcela 17, 15316 Coirós • Tlf: 981.77.45.00
Rúa da Feira 13, 15680 Ordes • Tlf: 981.68.21.95 • E-mail: frior@frior.com



GRUPANOR CERCAMPO S.A.
C/Azufré, 4 · 28850 Torrejón de Ardoz (MADRID)
Tlf: 91 656 17 48 · Móv: 609 227 617
pedrojdiaz@grupacer.com · www.grupacer.com



Aquí prevén construír unha nave nova con cama quente para vacas de posparto e outras que estean delicadas de saúde

Dúas veces á semana pónenlles un baño de pezuños ás vacas á saída da sala de muxido



A apertura cenital do teito favorece a ventilación no interior do establo



Os bebedoiros límpnanos a diario e a comida arrimana, como mínimo, catro veces ao día, procurando que os comedeiros estean sempre limpos. Un dos problemas aos que se enfronta esta granxa, e ao que de momento non atoparon solución, é o das pombas, que acoden a comer ao establo, o que supón un alto risco sanitario, á parte de que escollen os alimentos da ración.

Contan con ventiladores na sala de muxido. No resto da nave non son necesarios, xa que o seu deseño facilita a ventilación e evita que se alcancen altas temperaturas. A iso contribúen a altura e a inclinación do teito, así como a ampla apertura cenital. Tamén dispoñen dun cepillo rascador e no mes de xullo tiñan encargados dous máis.

SUPERFICIE E LABORES AGRÍCOLAS

Traballan unha base territorial de 45 hectáreas en propiedade. Nas 15 que teñen de regadío cultivan alfalfa, millo e centeo, e nas 30 restantes sementan veza-avea e tamén algo de centeo e alfalfa.

“Para min o cultivo principal é a alfalfa, incluso antes que o millo; de feito, agora mesmo en regadío hai 5 hectáreas de millo e o resto está dedicado a alfalfa. Ademais, este ano temos outras 6 ha de alfalfa en secano”, comenta o propietario de La Sielma.

Con todo, non son autosuficientes en produción forraxeira. “Dependendo do ano compramos 4 ou 5 camiións de alfalfa, deshidratada ou en rama, en función dos prezos e das necesidades de cada momento”, declara. A polpa de remolacha adquirena a través da cooperativa salmantiña Pecogasa, da que son socios.

Tratan de non ter excesiva maquinaria e todos os labores do campo que poden contratar, contrátanos.

REPRODUCCIÓN

Ás xovencas estannles practicando a primeira inseminación ao redor dos 14 meses. “Nestes momentos temos unha media de idade ao parto de 24,3 meses, pero a idade prevista está en 23,8, é dicir, que imos mellorando”, apunta o responsable de reprodución da granxa, Manuel Vicente Morales. O número de inseminacións por preñez en xovencas ascende a 1,47.

Os celos detéctanos a ollo e a taxa de detección sitúase no 60 %; con todo, é habitual a utilización de sistemas de sincronización no 50 % dos animais máis ou menos. “Aquí faise a visita de reprodutivo cada 14 días e nesa visita xa teñen preparadas as vacas que sincronicei, ben porque pasaron o período de espera voluntario e non se saíron ou ben porque foron diagnosticadas negativas na visita anterior. Entón ese día aproveitamos para inseminalas, facer diagnóstico co ecógrafo a partir dos 28-29 días e, se hai algunha enferma, tamén aproveitamos para revisar posparto, cetose etc.”, explica o veterinario.

Cun período de espera voluntario de 60 días, a media de inseminacións por preñez en vacas sitúase en 2,32 e a taxa de preñez é do 17 %.

A media de lactacións do rabaño é de 2,49 e a de vacas eliminadas, de 3,08, mentres que a taxa de reposición é do 29 %. ➤

MIRABELL SOUND SYSTEM EX94

Sound System



IT017991512628 - 543H000086 - aAa 234 - TV TL TY
SILVER x SUPERSIRE MB86 x SHOTTLE EX90 x GOLDWYN EX90

Nº1 LPI en Canadá
Toros probados agosto 2020



Corvini Sound System Sister

Isolabella Brill Sound System Beehive MB85



+4,298



+3,570



+2,744



+4,512



+154



Semenzoo  **italy**
INSEME

Distribuido por: Global Genetics • Tel: 91 637 34 78 • global@globalgenetics.es
Global Genetics Galicia: 619 760 916



Dispoñen dun cepillo rascador e teñen encargados dous máis



Teñen un almacén para gardar forraxes e pensos e dúas trinchéiras para os silos



Lote de xovencas preñadas

▶ É HABITUAL A UTILIZACIÓN DE SISTEMAS DE SINCRONIZACIÓN DE CELOS NO 50 % DOS ANIMAIS

completos. “Foinos bastante ben así, as cualificacións melloraron moitísimo, fomos algúns anos a mellor gandería por cualificación de Zamora e estamos case sempre entre as dúas ou as tres mellores”, afirma orgulloso. “Eu sígome fixando aínda moito no tipo e nas estruturas e, por enriba de todo, nos ubres. Non usamos touros negativos a DPR [fertilidade das fillas], cada vez dámoslle máis importancia ao índice de conversión alimentaria e tamén procuramos que estean, polo menos, nas 1.000 libras en leite, se nos imos á proba americana”, detalla.

Recoñece que non lle presta moita atención ao ICO, que considera “un índice trasnoitado”, e sostén que “por moito que nos desguste, na época da xenómica os americanos nos gañaron a partida e, hoxe en día, si ou si, manda o TPI”.

Utilizan touros xenómicos en maior medida, pero tampouco descartan os probados, xa que, na súa opinión, “nos últimos xenómicos que hai bos para o meu gusto hai demasiada consanguinidade, as estruturas son un pouquiño máis pequenas e ese tipo de vaca non me gusta tanto”. ▶▶

De cando en vez fan embrións. Este ano, por exemplo, fixéronlle un lavado a unha Brown Swiss que ten un contrato cun centro de xenética francés para a adquisición dun macho, se este alcanza os índices previstos, e o ano pasado fixéronlle dous *flushings* á súa nai, un para a granxa e outro que venderon íntegro. No caso das Holstein, Jorge ten unha sociedade con tres amigos, Chupa Holstein, para a compra de animais de alto valor xenético cos que tamén fan embrións. Dun deses embrións naceu Draco en 2015, un touro adquirido por Aberkein e cuxo seme está dispoñible na actualidade.

Á parte de por razóns intimamente ligadas ao seu gusto pola xenética, en ocasións tamén implantan embrións terapéuticos en vacas moi repetidoras.

PAIXÓN POLA XENÉTICA

Ao fío do que comentabamos no párrafo anterior, Jorge ten claro que a mellora da explotación ao longo destes anos foi a base de xenética. “A min paréceme que hoxe en día a xenética é o máis barato dunha granxa, non son os prezos de hai uns anos, cando se pagaban 25.000 ou 30.000 pesetas por unha dose de seme”, reflexiona.

Jorge foxe dos touros extremos e decántase por animais correctos e

GRUPO AGROAMB

SENTIDO DA RECICLAXE

VANTAXES

- ✓ Melloran a estrutura do solo, drenaxe, retención de auga e aireación, proporcionando un mellor ambiente de enraizamento das plantas.
- ✓ Posúen calidades de liberación de nutrientes lenta. O material continúa a súa descomposición dentro do solo, reducindo a cantidade de nitróxeno e fosfato que pode orixinarse cos fertilizantes químicos.
- ✓ Melloran a capacidade de traballo dos chans, especialmente arxilosos pesados.
- ✓ Melloran a retención de auga nos solos lixeiros.
- ✓ Melloran a resistencia á compactación do solo e á erosión.
- ✓ Reducen a necesidade de fertilizantes artificiais.
- ✓ Regulan o pH do solo, ao achegar cal.

PRODUTOS FERTILIZANTES

O seu contido en materia orgánica, nitróxeno e fósforo fanos especialmente atractivos para a elaboración de fertilizante no sector agroforestal. Entre as súas variadas vantaxes hai que destacar que melloran a estrutura do solo, o seu grao de porosidade e a capacidade de retención de auga debido fundamentalmente á achega de materia orgánica. Ademais, proporciónalle ao solo nitróxeno, fósforo e potasio de liberación lenta, e, ao achegar cal, permite regular o pH do solo. AGROAMB ten inscritos os diferentes produtos fertilizantes que elabora no Rexistro de Produtos Fertilizantes do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

FERTILIZANTES AUTORIZADOS

CÓDIGO	TIPO	NOME COMERCIAL
F0001757/2022	Fertilizante orgánico NPK de orixe animal e vexetal	AGROTHAME ORGANITE START
F0001894/2022	Emenda orgánica compost	AGROTHAME ORGANITE COMPOST
F0001895/2022	Emenda orgánica compost	AGROTHAME ORGANITE COMPOST START
F0001896/2022	Emenda orgánica húmica	AGROTHAME ORGANITE HUMICO START
F0001897/2022	Emenda orgánica húmica	AGROTHAME ORGANITE HUMICO
F0001919/2023	Fertilizante órgano-mineral nitróxeno líquido	AGROTHAME ORGANITE N-LIQ
F0001925/2023	Fertilizante órgano-mineral NK líquido	AGROTHAME ORGANITE PURINE
F0001926/2023	Fertilizante órgano-mineral NP líquido	AGROTHAME ORGANITE LIQUID
F0001980/2023	Emenda orgánica húmica	AGROTHAME ORGANITE HUMICO ZEN
F0002420/2025	Fertilizante órgano-mineral NPK	AGROTHAME ORGANITE AGRO
F0002421/2025	Fertilizante órgano-mineral NPK	AGROTHAME ORGANITE SULFAGRO
F0002422/2025	Emenda orgánica húmica	AGROTHAME ORGANITE HUMOST



AGROAMB

Ponte de Outeiro, 10 | 27256 Castro de Rei (Lugo)

Teléfono (+34) 982 231 365 | Fax (+34) 982 240 534

E-mail agroamb@agroamb.com | Web www.agroamb.com



Están empregando moito seme de razas cárnicas, en concreto Charolaise e Angus



Jorge fíxase moito no tipo e nas estruturas dos animais, sobre todo nos ubres



Herro Loustic M Gamma, a xata que ten un contrato cun centro de sementais francés

► ESTE ANO USARON MENOS SEME SEXADO POLO PROBLEMA DA NEOSPOROSE E PORQUE MOITAS XOVENCAS FORON UTILIZADAS COMO RECEPTORAS DE EMBRIÓNS

En xovencas adoitan inseminar con seme sexado, aínda que este ano o usaron menos polo problema da neosporose e porque moitas delas foron utilizadas como receptoras de embrións. “Agora estámolo volvendo empregar, pero chega un momento en que tamén temos un exceso de recría terrible, así que non o usamos tanto como estes anos de atrás”, di.

Tamén están empregando moito seme de razas cárnicas, en concreto Charolaise e Angus. Inseminan con el os animais positivos a neospora, as vacas de moita idade e outras que non lles agradan por cuestións morfolóxicas ou de produción.

Respecto das Brown Swiss, o propietario de La Sielma destaca a alta demanda internacional que existe desta raza, o que fai incrementar

os prezos, xeralmente superiores aos da Holstein. O seu obxectivo é chegar a un 15-20 % de vacas pardas en muxidura, apostando, iso si, por exemplares de calidade. A nivel xenético busca, ao igual que nas Holstein, touros completos, que teñan estruturas e leite.

SEGURIDADE E ESTABILIDADE CON GAZA

A relación con Gaza iníciase cun dos avós de Jorge, que xa era socio desta central leiteira de espírito cooperativista que nace nos anos sesenta cos obxectivos de proporcionar leite san aos cidadáns de Zamora e resolver o problema da comercialización de leite de vaca na provincia. Co paso do tempo, aquel proxecto inicial foise transformando e modernizando ata lograr converterse non só nunha das industrias referentes de Zamora, senón nunha das marcas máis coñecidas en Castela e León.

“Para min Gaza é calidade por enriba de todo. Eu creo que os gandeiros que estamos nela soubemos adaptar-

nos, facer as cousas ben, e tivemos a sorte que, se cadra, outros non tiveron de vender o leite a moi bo prezo e ter o noso pequeno mercado. Gaza significa seguridade e tranquilidade; ademais, eu creo que foi algo bo para todos os produtores zamoranos, porque non só lles pagou bos prezos aos seus socios, senón que tirou do resto cara arriba, soubo darlle importancia ao sector e soubo valorar o gandeiro”, manifesta Jorge.

Neste sentido, refírese á gran cantidade de produtores novos que existe na provincia, algo no que tivo moito que ver, está convencido, a garantía de futuro que supón a presenza desta puxante industria leiteira, ademais da implicación dos veterinarios do grupo Oceva –ao que pertence o seu asesor Manuel Vicente Morales–, “que os souberon motivar para que se formasen e ser mellores”, e a forza de COAG na zona.

No mes de xuño cobraron o leite a un prezo final de 0,39 €/kg + IVE, con máis dun 4 % de graxa, preto ►

Biocélula higienizadora: la alternativa real a la arena

NOVEDAD

CALIDAD CONSTANTE

El sistema de control electrónico de la biocélula **asegura la higienización** del material a través de un proceso de pasteurización.



AHORRO FINANCIERO

El ahorro obtenido **al reciclar y aprovechar** la parte sólida del purín frente a la utilización de los materiales tradicionales de encamado (arena, paja, serrín, etc), permite amortizar los gastos de inversión en pocos años.




VACAS SALUDABLES

El material resultante es **muy confortable** y con una baja carga bacteriana consiguiéndose un elevado nivel de cow confort.



FÁCIL DE UTILIZAR

La maquina es **fácil de utilizar** gracias a su sencillo sistema de control a través de la pantalla táctil, ordenador o teléfono móvil.



NUEVO MODELO HCB250 PARA GRANJAS PEQUEÑAS (hasta 250 vacas)

Ya son varias las explotaciones que han confiado su gestión de purines a nuestro sistema de biohigienización

- 3 instalaciones en funcionamiento
- 3 instalaciones en construcción

GESTIÓN MEJORADA Y ECONÓMICA DEL PURÍN

La cantidad de purín que se maneja, se ve reducida debido a que se eliminan los materiales tradicionales empleados por las camas. Se facilita el cumplimiento de las nuevas normativas medioambientales.

NO ES NECESARIO UN ALMACÉN

El material higienizado es producido diariamente para su inmediata aplicación en las camas.



CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS

- ▣ 4 modelos: nos adaptamos a diferentes tamaños de granja.
- ▣ Producción: hasta 20 Tn/día de sólido higienizado.
- ▣ Higienización: se garantiza la pasteurización (1 hora a 70°C).
- ▣ Secado: entre un 40-55% de materia seca (mediante el ajuste HRT).
- ▣ Bajo consumo de energía. Consumo máximo 6,5kW.

etxeholz

DISEÑO Y EQUIPAMIENTO
DE NAVES GANADERAS

JOURDAIN
Nº 1 MUNDIAL DEL TUBULAR PARA BOVINOS

LA BUVETTE
El especialista en bebederos

animat

CRI-MAN
PROFESSIONALS AT WORK



A alta presenza de pombas supónlles un elevado risco sanitario

► “POR MOITO QUE SE ESTEA DEOSTANDO O CONSUMO DE LEITE E SE DIGA QUE ESTAMOS CONTAMINANDO, EU CREO QUE ESTAMOS FACENDO UN PRODUTO CADA VEZ MELLOR”

APOSTA POLA INICIATIVA ¿QUIÉN ES EL JEFE?

Jorge participa, xunto a outros 17 gandeiros de Gaza, no proxecto ¿Quién es el Jefe?, onde é o propio consumidor quen establece o prezo do leite. Por agora elaborouse un envasado inicial de 100.000 litros que se comercializan en Carrefour. “No que máis fincapé fixeron os promotores da iniciativa foi no benestar animal e en que a alimentación non contivese aceite de palma, pois os consumidores así o votaron. Tamén insistiron moito en que as granxas se puidesen ver, pois a idea é que os consumidores se acheguen ata elas. Creo que todo isto está moi ben, pero é preciso que despois a xente realmente se implique e compre este leite”, declara.

dun 3,3 % de proteína e a puntuación case máxima na auditoría que garante o cumprimento do Plan de Aseguramento da Calidade Gaza. “Temos un prezo base agora mesmo de 0,3322 €/kg e cobramos primas por graxa, proteína, dobre A e a certificación. A maiores estamos participando na iniciativa ¿Quién es el Jefe? e temos un pequeno plus soamente cando se envasa ese leite”, explica. “O prezo que estou cobrando agora é excepcional, porque non

é habitual que a graxa estea así de alta, pero si adoitamos ter un prezo bastante estable arredor dos 37 céntimos”, agrega.

Jorge reconece cobrar un bo prezo pola súa materia prima, pero apunta que tamén hai que ter en conta os investimentos: “Nos últimos anos compramos moitos títulos de Gaza e agora, por sorte, vainos ben. Temos un investimento este ano de 16 millóns de euros da fábrica nova, é dicir, que tamén temos os nosos riscos”. Refírese á planta que a compañía construíu en Coreses, coa que duplicará a capacidade de produción actual.

REFLEXIÓN SOBRE O PORVIR

Jorge prognostica para os vindeiros anos un sector con dificultades pero con futuro. “Por moitos paus que nos dean, por moito que se estea deostando o consumo de leite e por moito que se diga que estamos contaminando, eu creo que estamos facendo un produto cada vez mellor. Estamos reducindo moitísimo o uso de medicamentos e aumentando o benestar dos animais, e penso que visitar unha granxa hoxe en día non ten nada que ver con visitala hai

uns anos. Os gandeiros somos cada vez máis profesionais, así que eu creo que hai futuro e, ademais, hai que transmitir esa idea. Temos que deixar de dar pena e contar o bo, o que poida chegar á sociedade. Claro que é un traballo duro, pero como moitos outros! E nesta situación que estamos a vivir démonos conta de que somos uns privilexiados, porque puidemos seguir traballando e gañar a vida”, argumenta.

Como xa fomos debullando ao longo da reportaxe, o propietario de La Sielma ten en mente varios plans para a gandería: unha nave para as xatas lactantes que xa van empezar a construír, a ampliación da sala de muxido, unha nave para as xovenecas, outra para as acabadas de parir... Con todo, asegura que se trata de “pequenos proxectos” e “sen interese ningún por medrar” en canto a número de animais. O seu obxectivo agora é a consecución de eficiencia e calidade de vida e, sobre todo, “un pouco de tranquilidade porque, por moito que nos gusten, hai vida máis aló das vacas”, conclúe. ►►



CAPTAIN

CHARL X SABRE X AHEAD

***Nº1 por GTPI
con +3036**

*entre los toros disponibles

+DISTRIGEN

📍 Ansoain (Navarra)
☎ 649 466 728 / 689 233 030
✉ distrigen@distrigen.es
🌐 www.distrigen.es

SexedULTRA4M™

“JORGE É UNHA PERSOA QUE COIDA MOITO OS DETALLES E AÍ ESTÁ A DIFERENZA ENTRE UN GANDEIRO BO E UN EXCELENTE”

O día que visitamos La Sielma tivemos a oportunidade de entrevistar unha persoa que foi clave no seu progreso. Referímonos ao veterinario Manuel Vicente Morales, do grupo Oceva, co que charlamos acerca da transformación da granxa ao longo dos anos e da evolución do labor do veterinario.



Manuel Vicente Morales

Cantos anos leva prestando os seus servizos nesta explotación?

Empecei coa gandería antiga que tiña o pai de Jorge na vila, hai uns vinte e cinco anos, onde principalmente facía inseminación artificial e clínica. Logo, aos poucos, fomos incorporando outros servizos, como poden ser o control reprodutivo, o asesoramento sobre instalacións... De feito, cando se fixeron estas instalacións axudeilles a deseñalas e aconselleilles sobre temas de benestar.

Como se foi transformando La Sielma?

A evolución foi moi positiva. Desde mozo, a Jorge sempre lle gustaron moito os animais, eu animeino a ir formarse aos Estados Unidos e de alí veu con outra visión moito máis profesional da gandería. Esta granxa que temos hoxe é produto de toda esa evolución. Jorge é un gran namorado da xenética, pero unha xenética ben entendida desde o punto de vista non só morfolóxico, senón tamén produtivo e de durabilidade dos animais, o que lles permitiu aumentar a produción. Ademais, el tamén é consciente de que a estas vacas hai que tratalas dunha forma especial, traballou moitísimo en benestar e creo que iso se nota.

En que aspectos se fixo máis énfase?

Principalmente, en benestar animal. Logo, no tema de recursos humanos, a verdade é que Jorge tenta non só pagarlles ben aos operarios que ten, senón integrais dentro da granxa e facelos partícipes dos éxitos.

Que papel xogan os veterinarios de vacún leiteiro hoxe en día?

Cambiamos moito. Despois de case trinta anos que levo eu nesta profesión, pasamos de ser uns técnicos que se nos chamaba só en caso de urxencia ou para inseminar a ser unha parte integrante da explotación, e non só no meu caso, que podo ser un pouco o asesor xeral, senón que tamén se estende ao traballo doutros compañeiros especialistas en nutrición, en calidade de leite... Realmente, o que tentamos é integrar un equipo no que todos rememos a favor da rendibilidade económica da granxa.

Sería correcto falar dun traballo máis enfocado á prevención que á curación?

En xeral, os veterinarios levamos xa uns anos que estamos tentando traballar máis en medicina preventiva; de feito, o asesoramento vai encamiñado por aí. Todo o que traballamos en benestar animal foi un pouco orientado a isto, pero agora, debido á nova lexislación do plan fronte á resistencia aos antibióticos, digamos que estamos a incrementar máis estas medidas.

É fácil asesorar no uso responsable de antibióticos?

É un labor lento, porque aos gandeiros lles custa e as circunstancias das granxas obrigan, moitas veces, a que teñamos que utilizar certos antibióticos, pero, pouco a pouco, está diminuindo a súa presenza e, ademais, estanse utilizando antibióticos mellores desde o punto de vista da xeración de resistencias.

Como están xestionando este tema en La Sielma?

Nesta explotación xa se fai secado selectivo desde hai un ano. Temos tempadas mellores e outras peores, pero a idea é seguir. Tamén se fan cultivos en granxa coa idea de racionalizar máis os antibióticos e utilízalos só nos casos imprescindibles.

Que plan vacinal teñen establecido?

Estamos facendo un programa obrigatorio que está integrado dentro da ADS á que pertencen e que consiste en vacinacións anuais de enterotoxemia e desparasitación. Ademais, debido aos controis serolóxicos que facemos anualmente, tamén vacinamos de BVD e facemos control de neosporose, porque, desgraciadamente, temos un 10-15 % de vacas positivas en neospora. O plan vacinal das xatas está enfocado ao ámbito respiratorio e, no caso das diarreas, vacinamos as nais no período seco contra rotavirus, coronavirus e *E. coli*.

Cales son os puntos fortes de La Sielma?

Para min os puntos fortes son a xenética, o benestar e quen a leva. Jorge é unha persoa

► “OS VETERINARIOS LEVAMOS XA UNS ANOS QUE ESTAMOS TENTANDO TRABALLAR MÁIS EN MEDICINA PREVENTIVA; DE FEITO, O ASESORAMENTO VAI ENCAMIÑADO POR AÍ”

que coida moito os detalles e aí está a diferenza entre un gandeiro bo e un excelente.

E as áreas de mellora?

A recría de xatas, para a cal estamos pensando en facer unhas instalacións novas, e o tema de medio ambiente e bioseguridade. Temos o problema da neospora, que é moi difícil de combater porque, ás veces, as forraxes veñen de zonas onde puido haber cans asilvestrados e aí temos unha dificultade importante á que non lle atopamos solución. E temos tamén o problema dos paxaros, un tema de bioseguridade complicado e que non vexo que se poida solucionar por moito que Jorge e eu poñamos da nosa parte. ■